

SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON DIXITAL-GALEGO

TEMA 7- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia

1. De conformidade co establecido no artigo 1.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, é obxecto da dita lei:
 - a) Regular o modelo de administración dixital no sector público autonómico.
 - b) Regular o modelo de administración dixital no sector público estatal.
 - c) Regular o modelo de administración dixital nos sectores privado e público autonómico.

2. De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a dita lei será de aplicación a:
 - a) A cidadanía nas súas relacións co sector privado e público autonómico de Galicia.
 - b) O sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola administración xeral e as entidades instrumentais.
 - c) As relacións entre o sector público autonómico e as restantes administracións públicas, dentro e fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cal dos seguintes non é un principio xeral de actuación:
 - a) Facer efectiva a garantía dos dereitos dixitais previstos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
 - b) Garantir o uso normal da lingua castelá en todas as plataformas, procedementos e servizos da administración dixital, así como potenciar o desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas en castelán e en estándares abertos.
 - c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía, evitando a fenda tecnolóxica e a exclusión por razóns de xénero, xeográficas, xeracionais, económicas, de diversidade funcional, culturais e sociais.

4. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoveran o desenvolvemento de servizos públicos dixitais que:
 - a) Atendan de maneira global á cidadanía, sen ter en conta as súas circunstancias.
 - b) Promovan actuacións dificultosas e non automatizadas, obviando a redución de tempos de atención ou resolución administrativa.
 - c) Teñan en conta as características especiais do medio rural, tanto na súa dispersión como na dispoñibilidade de medios de acceso aos servizos públicos dixitais.

5. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais:
 - a) Está prohibido.
 - b) Está permitido unicamente no ámbito dos países que integran a Unión Europea.
 - c) Está garantido para todos os residentes e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, e adoptaranse as medidas que permitan facelo efectivo.

SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON DIXITAL-GALEGO

6. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cal dos seguintes suxeitos está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

- a) O estudantado de calquera nivel para todos os trámites que realice.
- b) O estudantado universitario para todos os trámites e actuacións que realice sen excepción.
- c) O estudantado universitario para os trámites e actuacións que realice motivados pola súa condición académica.

7. De conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán as actuacións necesarias para facilitar a relación dixital:

- a) Das persoas de avanzada idade.
- b) Das persoas con discapacidade.
- c) Das vítimas da violencia de xénero.

8. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia abrangue:

- a) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público estatal.
- b) Ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia.
- c) Ao sector privado e ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico.

9. De conformidade co establecido no artigo 17.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a sede electrónica da Xunta de Galicia facilitará a seguinte información:

- a) Textos parciais das normas de creación da sede electrónica e do Rexistro Electrónico.
- b) Data e hora oficial e días declarados como inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.
- c) Relación dos sistemas de identificación e sinatura sexan ou non utilizados pola sede electrónica.

10. De conformidade co establecido no artigo 18.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a responsabilidade dos contidos postos a dispor da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia, e relativos ao ámbito de actuación dun órgano da administración xeral da Comunidade Autónoma, será:

- a) Da secretaría xeral ou secretaría xeral técnica da consellería.
- b) Do órgano competente en materia de contidos dixitais.
- c) Do gabinete da persoa titular da consellería.

11. De conformidade co establecido no artigo 19.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as entidades públicas instrumentais:

- a) Poderán crear as súas propias sedes electrónicas de xeito excepcional se existe concorrencia de circunstancias especiais.
- b) Non poderán crear sedes electrónicas propias.
- c) Poderán crear as súas propias sedes electrónicas de xeito habitual sen que sexa necesaria a concorrencia de circunstancias especiais.

SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON DIXITAL-GALEGO

12. De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o sistema único de rexistro estará integrado:

- a) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- b) Exclusivamente pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro e o Rexistro Electrónico Xeral.
- c) Pola rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que se creen consonte ao establecido na Lei 4/2019.

13. De conformidade co establecido no artigo 27 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no Rexistro Electrónico Xeral:

- a) Realizárase o asento de todos os documentos que sexan presentados sen posibilidade de anotar a saída dos documentos oficiais.
- b) Realizárase o asento de todos os documentos que sexan presentados e poderase anotar a saída dos documentos oficiais que vaian dirixidos a outros órganos ou particulares.
- c) Realizárase o asento de todos os documentos que sexan presentados e poderase anotar a saída dos documentos oficiais que vaian dirixidos a outros órganos exclusivamente.

14. De conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o funcionamento do Rexistro Electrónico Xeral:

- a) Non pode ser interrompido temporalmente.
- b) Pode ser interrompido temporalmente de xeito discrecional pola administración.
- c) Pode ser interrompido temporalmente por motivos xustificadas de carácter técnico.

15. De conformidade co establecido no artigo 30.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os asentos do rexistro deberán anotarse:

- a) Respectando a orde temporal de recepción ou saída.
- b) Respectando a orde establecida polo responsable da unidade.
- c) Non existe ningunha orde preestablecida para realizar os asentos.

16. De conformidade co establecido no artigo 32.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o Rexistro Xeral Electrónico rexerá para os efectos do cómputo de prazos:

- a) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será a sede electrónica da Administración Xeral do Estado.
- b) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será a sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) Pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que será indistintamente a da Administración Xeral do Estado ou a da Xunta de Galicia.

17. De conformidade co establecido no artigo 33.5 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as delegacións e oficinas exteriores autonómicas:

- a) Non poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- b) Poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións e requisitos que se establecen regulamentariamente.
- c) Poderán dispor de oficinas de atención á cidadanía e rexistro, de acordo coas condicións e requisitos que se establezan legalmente.

SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON DIXITAL-GALEGO

18. De conformidade co establecido no artigo 42.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza será accesible dende:

- a) O portal web da Xunta de Galicia.
- b) A sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) A páxina web da Consellería de Facenda.

19. De conformidade co establecido no artigo 43.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, considéranse válidos a efectos de sinatura:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- b) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por calquera prestador.
- c) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada que non estean baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

20. De conformidade co establecido no artigo 45.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o sistema de notificacións de Galicia denomínase:

- a) Portax.gal.
- b) Rexel.gal.
- c) Notifica.gal.

21. De conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a creación dunha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración implicará:

- a) Que as notificacións se realizarán preferentemente por correo ordinario.
- b) Que as notificacións se realizarán preferentemente por vía electrónica.
- c) Non se pode crear unha dirección electrónica habilitada para unha persoa non obrigada a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración.

22. Segundo o establecido no artigo 47.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, en relación coa obriga de relacionarse por medios electrónicos das persoas interesadas:

- a) A administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia non poderán crear de oficio a dirección habilitada única.
- b) A administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio a dirección habilitada única.
- c) A administración xeral poderá crear de oficio a dirección habilitada única pero as entidades do sector público autonómico de Galicia non estarán habilitadas para facelo.

SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON DIXITAL-GALEGO

23. De conformidade co establecido no artigo 72.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o persoal empregado público:

- a) Non poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións.
- b) Poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións.
- c) Poderá ser dotado de sistemas de identificación específicos para o exercicio das súas funcións con exclusión dos certificados de persoa física representante da administración xeral ou entidades públicas instrumentais.

24. Segundo o establecido no artigo 73.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, sobre sistemas de sinatura do persoal empregado público:

- a) O certificado electrónico recoñecido ou cualificado é o único sistema de sinatura electrónica, sen que poida ser substituído por ningún outro sistema.
- b) Cando as funcións desenvolvidas polo persoal empregado público do sector público autonómico esixan mobilidade, este persoal non terá dereito a utilizar ningún tipo de sistema de sinatura electrónica.
- c) Poderán habilitarse outros sistemas de sinatura electrónica cando o certificado electrónico recoñecido ou cualificado non poida utilizarse por cuestións de mobilidade ou por existencia dunha imposibilidade técnica.

25. De conformidade co establecido no artigo 74.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a tarxeta de acreditación do persoal empregado público terá unha validez indefinida:

- a) Dende o nomeamento ata o cese como persoal empregado público.
- b) Dende a toma de posesión ata a idade de xubilación forzosa.
- c) Dende a toma de posesión ata o cese como persoal empregado público.

26. De conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado, que incluirá:

- a) O número de identificación fiscal pero non a denominación correspondente.
- b) A denominación correspondente pero non o número de identificación fiscal.
- c) Tanto o número de identificación fiscal como a denominación correspondente.